



Guía de Deseño e Identidade Visual Web

Manual de estandarización para a páxina web oficial do Concello de Xunqueira de Ambía.



Por que é importante manter o deseño?

Esta guía establece as normas visuais básicas para a web do Concello. O obxectivo é garantir que, independentemente de quen actualice a información, a páxina manteña sempre un aspecto **institucional, coherente e limpo**, ofrecendo a mellor experiencia tanto en ordenadores coma en dispositivos móbiles.

Coherencia

Imaxe uniforme en todas as seccións

Lexibilidade


Textos claros e accesibles para toda a veciñanza

Adaptabilidade

Deseño optimizado para todos os dispositivos

Fontes e Tamaños Obrigatorios

Para manter a lexibilidade e a coherencia visual en toda a plataforma, úsanse estritamente estas dúas fontes cos tamaños predefinidos no editor.



Elemento	Fonte	Tamaño
Título Principal (H1)	Teki	45 px
Títulos Secundarios (H2)	Teki	37 px
Subtítulos (H3)	Teki	31 px
Texto normal	Muli	16 px

❏ Non se deben usar outras fontes nin tamaños fóra dos establecidos.

Cores do Concello

A web utiliza unha paleta de cores estándar predefinida nos axustes xerais de IONOS. Para garantir a coherencia institucional, **non se deben introducir cores fóra desta gama.**

Esta paleta baseada en tons azuis escuros e turquesas aplícase automaticamente aos botóns, cabeceiras, enlaces e elementos destacados da web.



Azul oscuro

Cor principal institucional

Azul medio

Elementos secundarios

Turquesa

Enlaces e accents

Gris claro

Fondos e separadores

Negro

Textos principais

Ajustes de sección

Contenido
AI

Elementos

Tema

Fondo de la sección



Color

Imagen

Ninguno



Reemplazar

Posición de la imagen del fondo

Comportamiento al desplazarse por el sitio web

Estándar



Superposición de color



Utilizar este tono



Opacidad



A Regra da Opacidade (70%)

Para asegurar que os textos brancos destaquen correctamente sobre as fotografías, **todas as imaxes defondo de sección** (agás na portada de Inicio) deben levar unha superposición de cor.

Activar a superposición

En «Axustes de sección», activar a opción «**Superposición de color**».

Seleccionar o ton negro

Escolle o **ton negro** como cor de superposición.

Axustar a o 70%

Deslizar a barra de **opacidade ata o 70%** para garantir a lexibilidade do texto.

Estrutura dos Menús Visuais



As páxinas principais que agrupan outros apartados —como *Concello*, *Servizos* ou *Cultura e Patrimonio*— manteñen un esquema estandarizado para facilitar a navegación.

Cando se engada un novo apartado, debe seguirse a mesma estrutura de **tarxetas visuais**:

→ **Só unha fotografía representativa**
Acompañada do título da sección a modo de botón.

→ **Sen grandes bloques de texto**
Non se deben engadir textos extensos nestas páxinas colectoras para non saturar a navegación.

Mantemento Responsable

Ante calquera dúbida á hora de crear unha páxina nova ou engadir un elemento, a regra de ouro é: **revisa os axustes dunha páxina xa existente e duplica exactamente os seus parámetros.**

O respecto por estas normas visuais garante a integridade da imaxe do noso Concello dixital, ofrecendo un servizo accesible e de calidade para toda a veciñanza e visitantes.

Tipografía

Teki + Muli, tamaños fixos

Cores

Só paleta corporativa

Imaxes

Opacidade ao 70%

Menús

Tarxetas visuais, sen texto

